

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 1 DE FEBREIRO DE 2016.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:


D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1. - APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 4 DE 25 DE XANEIRO DE 2016.

Acordouse aprobar a acta núm. 4/2016 de data 25 de xaneiro de 2016, da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZA DE DEMOLICIÓN.

2.1.- Acordouse CONCEDER LICENZA DE DEMOLICIÓN para a execución do derribo da edificación sita na rúa Regueiriño, 16 – Lalín.



Secretaría Xeral

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

Quedou pendente para un mellor estudo.

4.- INFORME URBANÍSTICO.

4.1.- Acordouse corrixir os erros materiais detectados nos informes do inspector xefe de obras e servizos de data 16/12/2015 e do enxeñeiro técnico de obras públicas de data 23/11/2015, que foron transcritos no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 14 de decembro de 2015 (punto 4.1 da acta – informe urbanísticos).

5.- EXPEDIENTE DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

5.1.- Acordouse que non concorre responsabilidade patrimonial do Concello de Lalín na reclamación presentada e desestimar a reclamación formulada por “*GENERALI Seguros*”.

6.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS.

6.1.- Acordouse proceder a recoñecer extraxudicialmente as facturas e documentos xustificativos do recoñecemento da obriga que forman parte do expediente, por un importe total de **65.943,31 €**, segundo as relacións que acompañan á proposta (**Relacións nº 00004:** 896,54 €, **nº 00006:** 22.364,69 €, **nº 00007:** 2.177,40 €, **nº 00008:** 660 €, **nº 00010:** 39.844,68 €) e orocer a reclamar a **Espina&Delfín S.L.** o importe de 896,54 € correspondente á relación nº 00004.

7.- FACTURAS E CONTAS.

7.1.- Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, tendo en conta o informe da Interventora Municipal, de data 1 de febreiro de 2016, cordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe de **34089,82 euros**.

8.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.

8.1.- Acordouse aprobar as bases de selección dun conductor-operario, polo sistema



Secretaría Xeral

de oposición libre, en réxime de persoal laboral fixo, para o departamento de obras e servizos deste Concello.

8.2.- Acordouse acollerse á Orde do 29 de decembro de 2015, ratificando a solicitude de subvención e axudas que figuran no expediente de solicitude e aprobar as Memorias/Proxectos, retribucións e demais documentación do expediente *Servizo de deportes: piscinas exteriores*.

8.3.- Douse conta da renuncia presentada polo Concelleiro D, Nicolás González Casares ao devengo da remuneración dos trienios (actualmente nun número de seis) aos que lexitimamente ten dereito por ser persoal estatuario fixo da administración pública.

9.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

9.1.- Acordouse admitir a documentación presentada por varios beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro das *Bases reguladoras da concesión de subvencións para as festas parroquiais e actividades culturais e educativas para o ano 2015*, aprobar as contas xustificativas e recoñecer as obrigas a favor dos mesmos. Así mesmo acordouse anular as axudas a varios beneficiarios por diversas causas.

9.2.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 3.073,40 € (IVE incluído) con destino ó servizo de peche contable do exercicio 2015, xunto coa apertura contable de 2016, incluída unha xornada presencial neste Concello, contratando o citado servizo coa empresa **ABS INFORMÁTICA, S.L.**

9.3.- Acordouse traspasar o importe de 328,95 €, correspondentes ao ingreso neste Concello como consecuencia da recaudación en vía executiva polo ORAL das cantidades adeudadas á concesionaria do Servizo municipal de Augas do Concello de Lalín.

9.4.- Acordouse aprobar a concesión dunha axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 300 € a aboar en efectivo.

9.5.- Acordouse aprobar a concesión dunha axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe de 200 € a aboar en efectivo.

9.6.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 3.539,25 € (IVE engadido) con destino á contratación do subministro de 450 TN de zorra artificial, para a súa extensión e compactación no firme do aparcadoiro, a realizar polo O.E. Pazo de Liñares



Secretaría Xeral

na execución da obra do aparcadoiro no contorno do pazo de Liñares e contratar coa empresa **AMADOR GÓMEZ CUÍÑA** o subministro do material referenciado.

9.7.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 5.546,28 € (IVE engadido) con destino á contratación do subministro de 54 uds de quercus robur 14-16 cm cepellón (roble), 756 calamagrostis acutifolia (gramínea) e 946 penisetun apelucoidores (gramínea) para a súa plantación nas zonas axardinadas, a realizar polo O.E. Pazo de Liñares na execución da obra do aparcadoiro no contorno do Pazo de Liñares e contratar coa empresa **VERALEZA, S.L.** o subministro do material referenciado.

9.8.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 5.380,87 € (IVE engadido) con destino á contratación do subministro de 278 uds de ecotravesas de pino R4 para a súa colocación, delimitando as prazas de aparcadoiro, a realizar polo O.E. Pazo de Liñares na execución da obra do aparcadoiro no contorno do pazo de Liñares e contratar coa empresa **MADERAS AGUIRRE S.A.** o subministro do material referenciado.

9.9.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 43.055,23 € máis a partida de 9.041,60 € correspondente ao IVE, con destino á realización das obras denominadas “**ACONDICIONAMENTO DE LOCAL NO ESTADIO MANUEL A. CORTIZO E ACONDICIONAMENTO DE PISTAS CUBERTAS NO LALÍN ARENA**” e contratar coa empresa **ANTONIO FRAMIÑÁN CONSTRUCCIONES, S.L.** a realización da citada obra.

9.10.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 3701,39 € (IVE incluído), con destino á subministración e instalación de luminarias no lugar de Igrexa, parroquia de Santiso e contratar con **MONTEFARO ELECTRICIDADE, S.L.** ca subministración e instalación de luminarias no lugar de Igrexa, parroquia de Santiso.

9.11.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 2.863,29 € (IVE incluído), con destino á subministración e colocación dun cartel indicativo no exterior da nova Biblioteca e contratar con **D. MANUEL GARCÍA GUERRA**, a subministración e instalación de dito cartel.

9.12.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 5.827,26 € (IVE incluído), con destino á subministración e colocación de diverso mobiliario urbano no entorno da nova Biblioteca Municipal e contratar coa empresa **BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.**

9.13.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 21.415,55 € (IVE



Secretaría Xeral

incluído), con destino á subministración e a colocación de butacas para o salón de actos da nova Biblioteca Municipal e contratar con **SOCIEDAD COOPERATIVA OBRERA EZCARAY**, a subministración e colocación de dito material.

9.14.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 5.499,99€, con destino á subministración e instalación dun equipamento de son e audiovisuais para a nova Biblioteca Municipal e contratar con **D. MANUEL TABOADA VARELA** a subministración e instalación de dito equipamento.

9.15.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 3.716,95€ (IVE incluído), con destino á subministración e instalación dun sistema de seguridade para o novo edificio da Biblioteca Municipal e contratar con **SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L.**, a subministración e instalación de dito sistema de seguridade.


10.- CORRECCIÓN DE ERROS.


10.1.- Acordouse corrixir o erro padecido na sesión celebrada o día 18 de xaneiro de 2016, no punto 6.3 expedientes de contratación.

10.2.- Acordouse corrixir o erro padecido no Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, mediante procedemento aberto e tramite ordinario da “*Subministración de material de construción e pintura para o Concello de Lalín*” (CSU022015).

11.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

11.1.- Acordouse conceder autorización municipal á Asociación de Empresarios de Deza para a realización dunha formación práctica do curso de “*Aplicador-Manipulador de Produtos Fitosanitarios. Nivel Básico*”, o día 19 de febreiro de 2016 de 16:30 a 18:30 horas, a celebrar na Avda da Estación- Rúa Bispo Frei José e rúa Padre Oro.





Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

L

K

M

O